



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Monte Tourado (Vimianzo, A Coruña), promovido por Sistemas Energéticos Edreira, SAU, clave 2010/0212,

## EXPÓN:

- Que, de acordo coa documentación recibida e coa Directiva 92/43/CEE, os viais de acceso do proxecto atravesarían o hábitat Brezales húmedos *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*, de conservación prioritaria na Unión Europea.
- Que, de acordo coa documentación recibida e coas categorías contempladas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), o proxecto podería afectar a tres especies catalogadas como vulnerables (*Rana iberica*, *Circus pygargus* e *Rhinolophus ferrumequinum*) e a unha considerada en perigo de extinción (*Tetrax tetrax*).

Por todo o cal,

## SOLICITA:

Que o Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto "Parque Eólico Monte Tourado (Vimianzo, A Coruña), promovido por Sistemas Energéticos Edreira, SAU, clave 2010/0212:

1. Avalíe trazados alternativos dos viais de acceso para non afectar ó hábitat de conservación prioritaria Brezales húmedos *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*.
2. Avalíe con detalle as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Rana iberica*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Circus pygargus*, *Tetrax tetrax* e *Rhinolophus ferrumequinum*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas no Plan de recuperación de *Tetrax tetrax* e nos Plans de conservación de *Rana iberica*, *Circus pygargus* e *Rhinolophus ferrumequinum*, que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro de 2011